FESTIVAL DE CINE GALEGO E LUSÓFONO

IX EDICIÓN

do 15 ao 20 SETEMBRO

FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO

ALFONSIN DIGITAL LAB
TELEVIGO
SER Radio Vigo 100.6 FM / 1.026 OM
HOTEL OFICIAL
GADIS
PORTO-MUIÑOS
MAMBLONA ÓPTICOS
LA PEPITA
crea
CANDELAS
FILMIN
VEGGAN
Budiño
CAIXA RURAL GALEGA
GalloFrech
xoia-garcia
Nikis
VAIDIRE
XITO
dinahosting
movibeta
As túas entradas en woutickets
reencanto producións
CAMÕES INSTITUTO DA COOPERAÇÃO E DA LÍNGUA PORTUGAL
MARCO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO
CONCELLO DE VIGO Vivimos nanha cidade fermosa
AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
RÍAS BAIXAS FILM FEST

EDITORIAL

Alfonso Castaño, director do Festival Primavera do Cine en Vigo

Abrimos a novena edición do Festival Primavera do Cine en Vigo nestes momentos de crise sanitaria que está a afectar de maneira tráxica non só a saúde da poboación senón a súas estruturas sociais e económicas. Son tempos de incertidume, pero entendemos que teñen que selo tamén de esperanza. De aí a nosa decisión de sacar adiante a presente edición en datas pouco habituais para nós. Facémolo seguindo estritamente os protocolos e medidas que garantan a seguridade ao longo do evento nas dúas sedes deste ano: Auditorio Municipal do Concello de Vigo e museo MARCO.

Sumámonos así ás numerosas campañas que promocionan a asistencia ás salas cinematográficas, teatros e auditorios como unha das actividades máis seguras e proveitosas.

O eixo fundamental da nosa programación continúa a ser a cinematografía galega, con cinco longametraxes representativas do panorama actual, tres bloques de curtametraxes pertencentes a diversos xéneros e estilos e unha sesión de videoclips.

Ofrecemos tamén dúas proxeccións especiais que presentamos baixo o título Cinema e Compromiso, por tratarse de dous documentais que desenvolven contidos propios do activismo político e social. Ambas proxeccións compleméntanse cun debate posterior coa presenza de personalidades relevantes na temática que tratan.

A pesar de que a prevención obriga a mermar o número de actividades paralelas, mantemos dúas que foron exitosas en pasadas edicións: Proxecto Remolque, obradoiro de cinema expandido, e Café con CREA, encontro entre público e cineastas moderado por membros da Asociación de Profesionais da Dirección e Realización de Galicia.

Seguimos a apostar tamén pola difusión da cinematografía lusófona coa proxección en sección oficial de dous bloques de curtametraxes e catro longametraxes que ao longo do 2019 acadaron numerosos premios internacionais e que son estrea na cidade de Vigo. Neste sentido, destacamos un ano máis a colaboración e profesionalidade do Instituto Camões da Lingua, agradecendo o interese que dedican a este festival desde hai anos.

Resulta máis necesario que nunca agradecer o apoio das diversas institucións a este festival. Non só o apoio económico (sempre tan esencial), senón tamén o asesoramento e ánimo que veñen dispensando para garantir que o sector cultural non esmoreza.

O apoio do AGADIC, no seu plan estratéxico de fortalecemento das industrias culturais galegas.

O apoio da Deputación de Pontevedra, que este ano fixo un esforzo específico de atención aos festivais cinematográficos da provincia, froito do cal naceu a marca común Rías Baixas Film Fest.

O apoio do Concello de Vigo e da súa concelleria de cultura, que aposta por noveno ano consecutivo por acadar que a cidade sexa, durante unha semana, un referente das cinematografías galega e lusófona.

E por último, queremos facer un recoñecemento especial aos nosos patrocinadores privados, autónomos e pequenas e medianas empresas, que en tempos tan difíciles decidiron apoiar esta actividade cultural facendo, en moitos casos, un esforzo extra. Tal actitude parte, sen dúbida, do amor pola cultura e da conciencia de que todos formamos parte dun mesmo tecido social.

2 HORARIO
3 APERTURA DO FESTIVAL / CAFÉ CANDELAS CON CREA
4 CURTAMETRAXES GALEGAS
12 CURTAMETRAXES LUSÓFONAS
17 LONGAMETRAXES GALEGAS
22 LONGAMETRAXES LUSÓFONAS
26 VIDEOCLIPS
28 EXHIBICIÓNS ESPECIAIS: CINEMA E COMPROMISO
30 REENCANTO PRODUCIÓNS / INSTITUTO CAMÕES
32 GALA DE CLAUSURA / O NOSO XURADO
34 MENCIÓN HONORÍFICA: CINE IMPERIAL
36 PROXECTO REMOLQUE
38 ENTREVISTA: ALBERTE MERA
40 ENTREVISTA: BEATRIZ VÁZQUEZ CAMPAÑA

Equipo que fixo posible esta IX Edición do Primavera do Cine

Dirección: Alfonso Castaño
Dirección de programación: Ana Gontad
Comité de programación: Maica Díaz, Paula Pazo, Alexandre Escariz, Ana Gontad, Alfonso Castaño e Ana Grey
Produción: A. C. Reencanto Producións
Imaxe oficial e deseño gráfico: María Llauger
Publicacións e textos: Ana Gontad e Alfonso Castaño
Web: David Vázquez
Edición de vídeo: Sandra Fernández
Foto: Paula Cermeño e Rebeca Esperón
Motion graphics: Marcos Mosquera
Estatuillas obra do ceramista: Íñigo Almeida

MARTES 15

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 1
20.00 PACIFICADO
22:30 CURTAS GALEGAS BLOQUE 2

AUDITORIO DO MARCO

18.00 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 2
19.30 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 1

MÉRCORES 16

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 3
20.00 MANOLIÑO NGUEMA
22:00 DE BARRIO

XOVES 17

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 NOITE IRISADA
20.00 BOSTOFRIO
22:00 FAKIR

AUDITORIO DO MARCO

18.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 1
19.30 CURTAS GALEGAS BLOQUE 3

VENRES 18

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 REBOIRAS: ACCIÓN E CORAZÓN
20.00 AS MORTES
22.00 EROSKI PARAÍSO

HOTEL BAHÍA

19.30 CAFÉ CANDELAS CON CREA

SÁBADO 19

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

11.00 PROXECTO REMOLQUE
18.00 ESTADO DE MALESTAR
19.45 A FEBRE
21.45 NOITE DOS VIDEOCLIPS

AUDITORIO DO MARCO

12.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 2
18.00 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 1
19.30 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 2

DOMINGO 20

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

19.00 GALA CLAUSURA

ACTIVIDADES DE BALDE

PROXECTO REMOLQUE
CAFÉ CANDELAS CON CREA
GALA DE CLAUSURA

ENTRADAS

LONGAMETRAXES 4€
BLOQUE DE CURTAS 3€
NOITE DOS VIDEOCLIPS 3€

MÁIS INFO EN:
primaveradocine.com

IX EDICIÓN

2020 PRIMAVERA DO CINE



APERTURA DO FESTIVAL

Martes 15 de setembro / 20.00h
AUDITORIO DO CONCELLO

O Festival Primavera do Cine afronta a súa edición máis desafiante sen gala inaugural mais con distancia de seguridade, máscaras e moito xel hidroalcólico. Esta edición será máis austera, con menos actividades paralelas e menos aforamento, pero mantén a súa esencia: a experiencia de achegar a maxia do cinema ao público vigués na propia sala.

A multipremiada **Pacificado**, do estadounidense Paxton Winters, será a longametraxe inaugural desta novena edición. Trátase dunha fermosa e dura historia ambientada nas favelas de Río de Xaneiro durante e despois dos Xogos Olímpicos que pon o foco na humanidade que reside nestes espazos, unha reflexión sobre a paz que leva a cuestionar a posibilidade de alcanzala desde fóra cara dentro.

CAFÉ CANDELAS CON CREA

Venres 18 de setembro / 19.30h
HOTEL BAHÍA

Encontro entre público e cineastas moderado por Jorge Coira e outros membros da Asociación de Profesionais da Dirección e a Realización de Galicia para conversar sobre **a creación colectiva e a reconstrución do tecido audiovisual a través do medio dixital**. Todo isto nun ambiente relaxado e informal, cun café Candelas ben quentiño entre as mans.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Nacho Ozores

O que medra por dentro

FICCIÓN | 17' | 2018 | GALICIA

Cris, un ecoloxista medioambiental que loita por repoboar o bosque, atópase cos indicios dun incendio forestal claramente intencionado a piques de estoupar. Tras evitalo, descobre ao responsable deste tratando de solventar ese anterior intento fallido. Cris fará o posible por impedirllo de novo.

REPARTO: Jaime Olías, Xabier Deive

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Lizartonne

Avelino

ANIMACIÓN | 4' | 2018 | GALICIA

Un monstro atópase cun mozo nun parque e cóntalle a súa vida e os seus problemas.

REPARTO: Lizartonne



CURTAS GALEGAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Malena Solarz e
Nicolás Zukerfeld

Una película hecha de

DOCUMENTAL | 13' | 2019 | ARXENTINA

Un cineasta español camiña polas rúas de Vigo e pensa nunha posible película, que termina sendo filmada por dous cineastas arxentinos. Namentres, é Nadal ou Aninovo, hai gaivotas e patos, búscase un barco pesqueiro, alguén gaña a lotería e soa un tema dos Kinks.

REPARTO: Ángel Santos e Jaime Pena.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Yvonne Marielle
López Gaus

Hoop

ANIMACIÓN | 6' | 2019 | GALICIA

A esperanza é algo moi volátil e intermitente; o peor é cando a perdes e te ves sumida nunha absoluta escuridade, perdes esa luz que é a túa guía e non sabes cando vai volver aparecer ou mesmo se volverá. Isto mesmo é o que lle pasa a Bulb.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Pedro Sancho

Marusía

FICCIÓN | 11' | 2019 | GALICIA

Juan e Pedro son dous homes que xa non teñen nada que perder. Fartos da súa situación, deciden vingarse do sistema tomando a decisión máis absurda das súas vidas: poñer unha bomba ao barco "Alfageme" na rotonda de Coia.

REPARTO: Antonio Durán (Morris), Fran Paredes, Mercedes Paz, Bertrán Labraña Areda.

ORGANIZA

reencanto producións

CO APOIO DE

CONCELLO DE VIGO
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
RÍAS BAIXAS FILM FEST
AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais
CAMÕES INSTITUTO DA COOPERAÇÃO E DA LINGUA PORTUGAL
MARCO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Guille Vázquez

Mare

FICCIÓN | 8’ | 2020 | GALICIA

Unha moza busca a alguén que entra na súa casa cando se atopa no límite entre o soño e a vixilia. Baseada no cadro *The Nightmare* de Henry Fuseli, **Mare** describe unha parálise do soño segundo o mito do íncubo.

REPARTO: Ede, Hugo Aja.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Montse Piñeiro

Brotar

ANIMACIÓN | 3’ | 2019 | GALICIA

Unha homenaxe ao traballo artesanal, feito dende as mans e o corazón. A través da súa protagonista, Mirta, paseamos por escenarios teatrais que se constrúen partindo de técnicas analóxicas, conseguindo así acabados orixinais e sinxelos. Montse Piñeiro toma como referencia ás súas avoas, exemplos da forza e sabiduría da experiencia, para revelar un universo máxico, musicalizado por Rubén Abad, que nos transporta á nosa infancia.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Fernando Tato e
Ozo Perozo

El jefe

FICCIÓN | 17' | 2019 | GALICIA

Félix e Rosa chegan ao seu primeiro día de traballo sen saber que, en realidade, optan ao mesmo posto, o que desencadea unha cruenta loita por facerse co cargo na que todo vale. Paralelamente, Ramona, Presidenta da compañía, ten que lidar co despedimento do Xerente Xeral, que se atopa no estranxeiro pechando un acordo vital para a compañía. Esta harmoniosa oficina está a piques de converterse nunha desapiadada xungla.

REPARTO: Francesc Corbera, Camila Bossa, Paula Cereixo, Mabel Rivera, Susana Sampedro.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Cris Yáñez

Na memoria da túa esposa

FICCIÓN | 4' | 2019 | GALICIA

Adela é unha muller de setenta e un anos que vive nunha poboación abandoada do rural galego. Ela, que dedicou todo o seu tempo ao marido, familia e fogar, atópase nunha estrana situación de desconcerto tras perder aquilo ao que dedicou toda a súa vida. Esta, agora, é unha continua rutina entre ir a igrexa e ao cemiterio a visitar a tumba do seu esposo, mantendo o rol co que viviu dende sempre. Non sabe ser se non é para alguén máis. Un día, Adela é consciente da situación na que se atopa e colapsa emocionalmente.

REPARTO: Mela Casal.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Álvaro Gago

16 de decembro

FICCIÓN | 14' | 2019 | GALICIA

Sábado. Cae a noite. O balón móvese rápido dun lado a outro. Os corpos buscan introducirse nos ocos que deixa a defensa. Lucía, vinte e cinco anos, sae de adestrar a balonmán e vai buscar o seu irmán en moto baixo as luces dunha cidade que cre coñecer.

REPARTO: Cris Iglesias, Javier Valcarce, Fran Pérez, Diego Abal, Ruth Boente, Martín Duplá.

PATROCINADORES OFICIAIS

ALFONSIN DIGITAL LAB

TELEVIGO
LA TELEVISIÓN DE CERCA

SER Radio Vigo
100.6 FM / 1.026 OM

HOTEL OFICIAL
Hotel Bahía de Vigo
by Sercotel Hotels

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 3 • • •

DIRECCIÓN:
Iria Ares

Badaladas de amor e morte

FICCIÓN | 17' | 2020 | GALICIA

Unha homenaxe ao cinema de Orson Welles, filmado en Galicia e en 16mm. Unha historia romántica cunha única protagonista: a morte. Conta a lenda que o último día do ano, cando soan as 12 badaladas de medianoite, acoden ao cemiterio as almas dos que van morrer o ano próximo. Serás ti un deles?

REPARTO: Iria Ares e Xoán Carlos Mejuto.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 3 • • •

DIRECCIÓN:
Sara C. Lorenzo e Julio López

Cafeína

FICCIÓN | 12' | 2019 | GALICIA

Pepe é un home tranquilo e de costumes sinxelas, como tomar café todas as tardes no bar de Carmela. Este é o seu remanso de paz, o seu lugar de armonía consigo mesmo e co mundo: Todo xira sincronizamente ao redor dunha simple taza de café.

REPARTO: Nani Matos, Isabel Naveira, Pilar Boullosa, Bastian Lobato.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 3 • • •

DIRECCIÓN:
Adrián García Seoane

¿Quién soy?

DOCUMENTAL | 5' | 2020 | GALICIA

Curtametraxe documental de estilo experimental na que, mediante imaxes de arquivo caseiras, unha voz en off reflexiona en fermoso ton poético sobre o paso do tempo, a vida e a identidade persoal.

CURTAS GALEGAS
BLOQUE 3 • • •

DIRECCIÓN:
David Fidalgo Omil

Homomaquia

ANIMACIÓN | 14' | 2019 | GALICIA

Homomaquia presenta un mundo onde os seres humanos son tratados como estes tratan aos animais, establecendo unha potente metáfora sobre a tauromaquia. Poñéndonos no papel do touro, o filme representa a súa vida con toda a súa crueza, violencia e falta de liberdade.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Sinai Sganzerla

Extratos

DOCUMENTAL | 8' | 2019 | BRASIL

Extratos é un mosaico audiovisual con imaxes gravadas entre os anos 1970 e 1972 nas cidades de Río de Xaneiro, O Salvador, Londres, Marrakech, Rabat e a rexión do deserto do Sáhara. As imaxes foron filmadas por Helena Ignez e Rogério Sganzerla no exilio, durante os anos de ditadura militar no Brasil. O filme tamén fala da esperanza e da subsistencia da tenrura mesmo nas condicións máis adversas.

REPARTO: Helena Ignez e Rogério Sganzerla.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Leonor Teles

Cães que ladram aos pássaros

FICCIÓN | 20' | 2019 | PORTUGAL

As clases remataron. Séntese a ledicia no ar. Os turistas enchen as rúas e os cafés do Porto. O vello e decadente é agora vendido como punto alto da xentrificación. Vicente móvese pola cidade coa súa Órbita azul e observa a constante transformación urbana. O Porto xa non é o mesmo, e el tampouco. Entre familia e amigos, Vicente vive con expectativas os primeiros días de vacacións, que traen a promesa de mudanza e a incerteza dunha nova vida.

REPARTO: Vicente Gil, Salvador Gil, Maria Gil.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Alexandre Siqueira

Purpleboy

ANIMACIÓN | 14' | 2019 | PORTUGAL

Óscar é un neno que brota no xardín dos seus pais. Ninguén coñece o seu sexo pero el di ser de xénero masculino. Un día, Óscar vive un extraordinaria pero dolorosa aventura nun mundo opresivo e autoritario. Conseguirá que a súa identidade sexa recoñecida como desexa?

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 1 •

DIRECCIÓN:
Margarida Lucas

Sagrada familia

FICCIÓN | 20' | 2019 | PORTUGAL

Comedia de humor negro centrada nunha familia de cinco irmáns, unha nai solteira e unha avoa fanática do fútbol que viven apretados nun pequeno piso do barrio lisboeta de Benfica. Todo se complica o día en que a emblemática mascota do Sardoal FC foxe e o club corre o risco de perder o campionato.

REPARTO: Cláudia Jardim, Ivone Ruth, Enzo Scarpa, Bruno Mendonça, Diana Narciso.



CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 2 • •

Atordoado, eu permaneço atento

DIRECCIÓN:
Henrique Amud e Lucas H. Rossi dos Santos

DOCUMENTAL | 15' | 2019 | BRASIL

O xornalista Dermi Azevedo nunca deixou de loitar polos dereitos humanos. Agora, tres décadas despois do final da ditadura militar en Brasil, é testemuña do retorno desas mesmas prácticas.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 2 • •

Lealdade

DIRECCIÓN:
Ana Stela Cunha e Milena Avelar

DOCUMENTAL | 5' | 2019 | BRASIL

No Quilombo de Damásio, na Amazonia brasileira, a "danza portuguesa" é unha herdanza colonial re-elaborada polos "brincantes" (bailaríns) de ascendencia africana. Esta curtametraxe, realizada por unha antropóloga que viviu alí moitos anos da súa vida e por unha bailarina orixinaria da poboación, retrata as inquedanzas de moitas identidades sobre o colonialismo ata hoxe.

REPARTO: Neilan Goulart, Altamira Nascimento, Milena Avelar, Nilo Goulart.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Sol De Carvalho

Monólogos com a História

FICCIÓN | 19' | 2019 | PORTUGAL

Camilo recibe a noticia da morte do pai e visita un local que este lle deixou en herdanza; o lugar está en ruínas e o noso heroe inicia un diálogo co seu pai, que lle fala a través das paredes e obxectos que alí deixou. É tempo de revelacións: cal é o camiño para alguén que tivo un papel esencial na mudanza de paradigma da sociedade en que viviu?

REPARTO: Horácio Guiamba, Abdil Juma.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Vado Vergara

Até que meus dedos sangrem

DOCUMENTAL | 5' | 2020 | BRASIL

As imaxes dunha intervención artística mistúranse con materiais de arquivo de medios de comunicación afíns ao goberno brasileiro cos obxectivos de explorar o potencial da imaxe como soporte artístico e difuminar os límites entre a creación documental e poética. É dicir, a espectacularización do discurso e a interpretación de Bolsonaro van máis aló do documental, achegándose a unha especie de realidade ficcionada que saca a relucir unha poética perversa.

REPARTO: Teresa Poester e 23 artistas convidados.

CURTAS LUSÓFONAS
BLOQUE 2 • •

DIRECCIÓN:
Camila Kater

Carne

ANIMACIÓN | 12’ | 2019 | BRASIL, GALICIA

Crúa, pouco feita, ao punto, feita e moi feita. Pintada sobre un prato de cerámica, Rachel Patricio é unha nena gorda e un desgusto para a súa nai. Durante a adolescencia, Larissa Rahal redescobre o seu corpo e o potencial da menstruación a través das pinceladas de acuarela. No auxe da mocidade, a cantante Raquel Virginia expón os riscos aos que cada día se enfronta por ser quen é. A actriz Helena Ignez, icona do Cinema Novo e Marxinal de Brasil, debuxada en tinta chinesa sobre o negativo de 35mm, conta como o seu corpo foi importante para a súa profesión artística, pero tamén como foi obxecto de abusos. Cinco mulleres e a súa relación co corpo, desde a infancia á terceira idade, compoñen **Carne**.

COA COLABORACIÓN ESPECIAL DE

GADIS

PORTO-MUIÑOS
LAS VERDURAS DEL MAR

MAMBLONA
ÓPTICOS
OPTOMETRÍA AVANZADA

LA PEPITA
BURGER BAR

crea
ASOCIACIÓN DE DIRECTORES REALIZADORES DE GALICIA

As mortes

FICCIÓN | 75' | 2019 | GALICIA, CHILE

Roxelio e Maruxa viven nunha pequena poboación galega. Roxelio é agricultor. Maruxa ten unha enfermidade crónica. Roxelio non coñece a Maruxa. Maruxa non coñece a Roxelio. Roxelio matou a Pilar. Maruxa tamén.

A nova película de Cristóbal Arteaga, quen xa participou neste festival en varias ocasións, convídanos a gozar dunha grata experiencia audiovisual que atrapa co seu ritmo cadencioso, rodada en galego e unha marabillosa fotografía en branco e negro.

As mortes ciméntase no cinema negro, xénero do que Arteaga escolle elementos como a inclusión de personaxes que ameazan a seguridade do asasino, sombras que acurralan a intranquilidade de quen se sabe culpable ou mesmo algún que outro xiro inesperado. O filme mestura o suspense coa escura sordidez que alimenta a crónica negra, recorrendo a esas aldeas semibaleiras onde algúns aínda cren que non pasa nada; e aínda que co seu premeditado desexo de aproveitar este feito parecese que todo acontece cun ritmo excesivamente lánguido, a soa idea na que se basea, cos seus baleiros argumentais intencionadamente dispostos, converte **As mortes** nun filme que irradia autenticidade.

REPARTO: Alfredo Rodríguez, Olga Cameselle, Orisel Gaspar, Miguel Borines, Manuel Polo, Xoana Baz, Merche, Toni, Roxelio Vásquez, Manuel Paz, Samantha.

DIRECCIÓN:
Cristóbal Arteaga

Estudou guión na Universidade Católica de Chile e realizou varias curtametraxes no seu país natal antes de viaxar a Madrid, onde estudou guión e dirección no Instituto do Cine. En 2013 realizou **El triste olor de la carne**, estreada en Karlovy Vary, proxectada no Primavera do Cine e galardoada en Sevilla. Dirixiu cinco longas coas que percorreu ducias de festivais.

De barrio

DOCUMENTAL | 69' | 2019 | GALICIA

O barrio está en festas. Unha muller anciá xa non pode falar. As súas lembranzas reviven. O barrio esvaécese.

Xurxo Chirro establece en **De barrio** un novo diálogo coa historia a través da figura de Benedicta Rodríguez, unha veciña de A Cruzada, o barrio natal do mesmo cineasta. En 1999, Gustavo González, irmán de Chirro, realízalle unha entrevista a Benedicta; do seu poderoso relato extráense as lembranzas dunha muller xa anciá que conserva toda a súa lucidez. Oito anos despois, Xurxo Chirro grava a Benedicta no seu fogar; recibindo o constante agarimo da súa filla e rodeada das fotografías que testemuñan a súa vida, a muller descansa na súa cadeira sen dar sinal algunha de consciencia.

Xogando cos contrastes que provoca o paso do tempo, **De barrio** introdúcenos nunha vivenda familiar en dous tempos distintos, pero de xeito simultáneo, amosando nun só plano esa dicotomía tan inherente ao ser humano que é a de fortaleza fronte a fraxilidade. Así e todo, a historia de Benedicta é só o punto de partida para amosar unha panorámica da memoria colectiva desde unha perspectiva humana e costumista.

REPARTO: Benedicta Rodríguez Sobrino, Manuel Manequis, Emilio Bulina.

DIRECCIÓN:
Xurxo Chirro

Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, traballou para a Axencia Audiovisual Galega e a AGADIC, organismos da Xunta de Galicia. Crítico de cinema, colaborou con varios xornais e revistas. E director e guionista de **Vikingland** (2011), **Une histoire seule** (2013) e **De barrio** (2019).

Eroski Paraíso

FICCIÓN | 75' | 2019 | GALICIA

Eva e Antonio coñecéronse na sala de festas Paraíso en 1989. Esa mesma noite, Eva quedou embarazada. Pasados uns meses, casaron e tiveron unha filla: Alejandra. Hoxe Alejandra medrou, prefire que lle chamen Álex e soña con converterse en cineasta. Logo de rematar os seus estudos en Barcelona volve a casa para rodar un documental sobre a vida dos seus pais. Pero agora Eva e Antonio están divorciados, e a antiga discoteca onde se coñeceron é un supermercado Eroski.

Eroski Paraíso é un filme moi noso, unha agridoce comedia cargada de tenrura que explora a memoria colectiva e a transformación das relacións nunha comunidade pequena. Baséase en historias reais que sucederon no Paraíso, unha famosa sala de festas de Muros que pechou en 1990 e que, ao cabo dos anos foi convertida nun supermercado Eroski. Un feito que, cambiando os nomes, se repetiu en infinidade de lugares de España onde os cines, as salas de festa e outros espazos mudaron en espazos de consumo. Esta é tamén unha historia de desarraigo: a historia de alguén que non parou en ningún sitio para volver ao mesmo punto de partida, coma se tivese estado parada no mesmo lugar mentres todo se transformaba ao seu redor.

REPARTO: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cris Iglesias, Luis Martínez, Fidel Vázquez.

DIRECCIÓN:
Jorge Coira e
Xesús Ron

JORGE COIRA. En 2004 estreou a súa ópera prima: **O ano da carracha**. **18 comidas** (2010), foi estreado en máis de 10 países. Dirixe series tanto para TVG como a nivel nacional; **Hierro** é a máis recente. En 2016 gañou o Goya á mellor montaxe por **O descoñecido**, de Dani da Torre.

XESÚS RON. Pertencente á compañía Chévere desde a súa fundación, participou na creación da Sala Nasa e durante 20 anos foi o seu director artístico. Algunhas das súas obras máis recoñecidas son **Citizen**, sobre o crecemento de Inditex, ou **Eurozone**, acerca da crise.

Estado de Malestar

DOCUMENTAL | 63' | 2019 | ESPAÑA

Segundo Mark Fisher na súa obra *Realismo capitalista* (2009), "O capital enferma ao traballador, e logo as compañías farmacéuticas internacionais véndenlle drogas para que poida sentirse mellor. As causas sociais e políticas da tensión quedan ao carón mentres que, inversamente, o descontento individualízase ao tempo que se interioriza". No capitalismo fordista a enfermidade social era a esquizofrenia; no postcapitalismo robotizado e híper burocratizado a competitividade constante e a vixilancia sen fin convértennos en depresivos, en anoréxicas e bulímicos.

O novo filme da cineasta militante María Ruído celebra neste festival a súa estrea galega. A partir dalgúns textos de Mark Fisher, Franco Berardi "Bifo" e Santiago López Petit, así como dalgunhas conversacións con filósofos, psiquiatras e persoas afectadas ou diagnosticadas, especialmente co colectivo de activistas Inspiradas de Madrid, **Estado de Malestar** proponse como un ensaio visual sobre a sintomatoloxía social e o sufrimento psíquico en tempos do realismo capitalista, sobre a dor que nos provoca o sistema de vida no que estamos inmersos, e sobre que lugares e accións de resistencia e/ou cambio podemos construír para combatelo.

REPARTO: Alfredo Aracil, María Ruido, Guillermo Rendueles, Marta Plaza, Vivi Naharro, Flavia Ribes, Santiago López Petit.

DIRECCIÓN:
María Ruido

Artista visual, investigadora e produtora cultural desde 1998, desenvolve proxectos interdisciplinarios sobre o traballo imaxinario no capitalismo posfordista e sobre a construción da memoria e as súas relacións coas formas narrativas da historia. Vive entre Madrid e Barcelona e ensina na Universidade de Barcelona.

Manoliño Nguema

DOCUMENTAL | 85' | 2019 | ESPAÑA, GUINEA ECUATORIAL

Marcelo Ndong, un sexaxenario artista e escritor africano formado no Circo dos Muchachos que rexenta na actualidade unha pequena gardería en Malabo (Guinea Ecuatorial), recibe unha inesperada proposta. Como en tantas outras ocasións deberá montar unha obra de teatro, pero esta vez o argumento será el, a súa propia vida. Co apoio de dous dos seus mellores alumnos, Marcelo creará en Malabo unha obra de teatro que o levará de novo a Santiago de Compostela.

Galardoado co Premio Mestre Mateo ao mellor documental e co Premio do Xurado no MiradasDoc, Manoliño Nguema constrúese como unha apaixonante viaxe persoal e creativa que conducirá ao público desde a Guinea postcolonial e a España franquista, ata a actualidade de ambos os dous países, para ir aos poucos descubrindo a través do prodixioso periplo vital de Marcelo Ndong como mimo, músico e actor, pero sobre todo como migrante, os intensos e ata o de agora pouco coñecidos lazos culturais que unen Guinea Ecuatorial e España. Un poderoso e valioso alegato sobre a cultura como ferramenta de reparación e desenvolvemento, da man dun artista de sangue ecuatoguineana e alma galega.

REPARTO: Marcelo Ndong, Gorsy Edu, Raimundo Bernabé "Russo".

DIRECCIÓN:
Antonio Grunfeld

Ata o de agora, o seu traballo como documentalista centrouse principalmente en crear obras de carácter social e cultural. Colabora con diversas oenegués e asociacións tanto de Guinea Ecuatorial como de España, utilizando sempre a comunicación audiovisual como ferramenta de reivindicación. Os seus traballos foron exhibidos e premiados en festivais como o Green Me Global Festival for Sustainability de Berlín ou o Festival Internacional de Cinema Solidario KO&digital de Barcelona.

A febre

FICCIÓN | 98' | 2019 | BRASIL, FRANCIA, ALEMAÑA

Justino, un home de 45 anos que provén da tribo dos Desana, instalouse sendo mozo na cidade de Manaos (Brasil), onde se gaña a vida como garda de seguridade no porto. Recentemente viúvo, vive coa súa filla Vanessa, quen traballa de enfermeira nunha clínica desa zona amazónica. Cando a ela lle confirman unha bolsa para estudar medicina en Brasilia todo cambia para el. Unha misteriosa febre se lle desata por momentos.

Maya Da-Rin preséntanos o seu protagonista sen apenas palabras. Justino explica quen é a través do seu tedioso traballo, así como do seu esgotamento, que culmina nunha estrana enfermidade. Este é un filme que se move, de xeito paseniño pero constante, convidando a moverse con el, de aquí para alá, entre a viveza da selva amazónica e o gris do contexto urbano, para retratar o interior máis profundo dun home que arrastra unha tristeza crónica. Sen estridencias, con elegancia e sensibilidade, aproveitando a sinxeleza e a prodixiosa humanidade dos seus intérpretes (Regis Myrupu foi galardoado como mellor actor en Locarno), a directora agasállanos cunha das óperas primas máis fermosas do cinema latinoamericano dos últimos anos.

REPARTO: Regis Myrupu, Rosa Peixoto, Johnatan Sodré, Kaisaro Jussara Brito, Edmildo Vaz Pimentel.

DIRECCIÓN:
Maya Da-Rin

Graduada en Le Fresnoy, ten un mestrado en Cinema e Historia da Arte pola Sorbonne Nouvelle. Tamén asistiu a talleres de cinema da Escola de Cuba. O seu traballo foi exhibido en numerosos festivais de cinema e institucións de arte como Locarno ou o MoMA de Nova York. O seu documental **Terras** (2010), participou en máis de 40 festivais de cinema. **A febre** é a súa ópera prima.

Bostofrio

DOCUMENTAL | 70' | 2018 | PORTUGAL

Nunha aldea remota do interior de Portugal, un novo cineasta rompe a lei do silencio para desenterrar a historia dos seus avós. Domingos Espada nunca recoñeceu ao proxenitor de Paulo Carneiro. A relación que o primeiro mantiña co fillo e Profetina, a avoa do realizador, atópase envolta por unha néboa de inmensas dúbidas que só poden ser despexadas por aquelas xentes que os coñeceron.

A pequena aldea que se presenta en **Bostofrio** funciona como punto de encontro de varias dualidades: o ceo e a terra, o pasado e o presente, e a severidade e a delicadeza. A natureza desconfiada e con todo amable das súas xentes aparece destacada ao longo desta ópera prima que Carneiro —colaborador habitual de João Viana— realiza con evidente agarimo, mentres o acompañamos na súa investigación. O mozo recorre á historia oral como recurso para coñecer un pasado que non aparece nas fontes escritas e que non se alonxa moito da realidade do noso país. Para captar a esencia da aldea, do relato e das súas xentes, o cineasta utiliza principalmente planos fixos observacionales de longa duración, que transmiten esa historia oral en toda a súa honestidade, á vez que se impregnan da inmensa beleza do lugar.

REPARTO: André Valentim Almeida, Francisco Moreira, Paulo Carneiro.

DIRECCIÓN:
Paulo Carneiro

Graduouse en imaxe e son na Escola Superior de Artes e Deseño de Caldas da Rainha. Desde 2011 traballa en dirección e edición de cinema. Exerceu de asistente de João Viana en Tabatô (2013) e **A batalla de Tabatô** (2013). **Oh Johny** (2012), estreado en MedFilm Festival de Roma, foi a súa primeira curtametraxe como director. **Bostofrio** é a súa ópera prima.

Fakir

DOCUMENTAL | 92' | 2019 | BRASIL

A longametraxe documental **Fakir** retrata o éxito do faquirismo en Brasil, América Latina e Francia. Este espectáculo que ten a súa orixe nas artes circenses é presentada e analizada a través de arquivos que revelan a notoriedade dos campionatos de resistencia á dor e a gran asistencia que tiñan estes eventos, todo un reclamo para políticos e funcionarios gobernamentais.

De entre toda a pluralidade cultural brasileira, o faquirismo é habitualmente pouco salientado, non só pola inmensidade artística do país, senón tamén pola falta de comprensión da que esta manifestación estética, física e psicolóxica é obxecto. De aí o sorprendente da proposta de Helena Ignez, un documental que xa sería valioso de se centrar unicamente na historia e perspectiva persoal de faquires, faquiresas e o seu abraiado público; pero a cineasta vai máis aló, dotando ao filme dunha interesante perspectiva feminista. Non en van, o faquirismo é maioritariamente exercido por mulleres que procuran a súa liberdade a través das diversas facetas desta disciplina; ben pola forza que esixen as probas de resistencia, ben pola arte de dominar un animal tan popularmente recoñecido como símbolo fálico como é a cobra.

REPARTO: Maura Ferreira, Indiany, Índia Rubla, Lion on a Diet Shibari e mais faquires e faquiresas.

DIRECCIÓN:
Helena Ignez

Cunha filmografía que abrangue máis de 40 títulos, Helena Ignez traballou como actriz en numerosos filmes do Cinema Novo, entre os que se atopan **Pátio** (Glauber Rocha, 1959), **O assalto ao trem pagador** (Roberto Farias, 1962) e **O padre e a moça** (Joaquim Pedro de Andrade, 1966). Dirixiu varias longametraxes, como **A moça do calendário** (2017), con guión de Rogério Sganzerla, ou **Fakir**.

Pacificado

FICCIÓN | 120' | 2019 | BRASIL, ESTADOS UNIDOS

Tati, unha moza introvertida de 13 anos, intenta conectar co seu distanciado pai, Jaca, cando este sae do cárcere nos convulsos días posteriores aos Xogos Olímpicos. Mentres a Policía Pacificadora brasileira loita por manter a fráxil ocupación sobre as favelas de Río, Tati e Jaca veranse obrigados a se abrir camiño no medio dunha confrontación que ameaza con frustrar as súas esperanzas de futuro.

Nada dunha colaboración creativa de case oito anos entre a comunidade de Morro dos Prazeres e cineasta Paxton Winters, **Pacificado** ofrece un retrato íntimo e alentador dunha familia que intenta achar a paz nese sempre cambiante campo de batalla urbano ao que chaman fogar. Winters afástase das imaxes habituais e os discursos mil veces repetidos sobre estes lugares sen lei que son as favelas. Prefire poñer o foco na humanidade dos seus habitantes, con quen conviviu, sen xulgalos en ningún momento. A convincente interpretación dos actores principais é esencial para subliñar a forza desta honesta panorámica. O seu realista aspecto visual próximo ao documental e unha gran fluidez narrativa terminan de redondear unha película que devén en efectiva denuncia.

REPARTO: Bukassa Kabengele, Cassia Gil, José Loreto, Débora Nascimento, Lea Garcia, Raphael Logan, Jefferson Brasil.

DIRECCIÓN:
Paxton Winters

Dirixiu o seu primeiro documental, **Silk Road ala Turka** (2001), mentres viaxaba ao longo do roteiro da seda nunha caravana de camelos durante 18 meses. Coa súa primeira longa de ficción, **Crude** (2003), obtivo o Premio Especial do Xurado no Festival de Seattle. Así mesmo, filmou series e todo tipo de reportaxes ao redor do mundo para canles como a BBC, Arte, Al Jazeera, CNN, Time e NOS.

¿Qué nos queda?

LA CASA DE LOS INGLESES

Gero Costas

En extinción

NOSTROMO

José Luis González Barceló

A luz prendida

MJ PÉREZ

Mika Audiovisual, Gustavo Dieste e MJ Pérez

Éxodo

SONDARÚA

Adrián González Fernández

Alive_Already

REI VIRGINIA

Rei Virginia

Falan de ti

MJ PÉREZ

Miguel Grandío e MJ Pérez

Ángeles fósiles

AMARO FERREIRO + RAYDEN

Borja Santomé Rodríguez

Frágil=Valiente

LOS MARCIANOS

Lucas Orlando

Banderas negras

POLONIO

Daniel Alonso y Miguel A. Del Peso

Fuego contra papel

DREAMS OF DOLLY SHEEP

Alejandro Rodríguez, Ana Campos e Roberto Alonso

Cada indecisión

VUELVE ZINC

Carlos A. Quirós

La vuelta al mundo

BEBO SAN JUAN

David Fidalgo Omil

De repente

KILLER BARBIES

Gero Costas

Madero

TROMPAS DE FARLOPIO

Cris Lores

Mariluz

MJ PÉREZ

Mika Audiovisual, A Panadaría e MJ Pérez

Natural Magic

ELBA

Carlos Martínez-Peñalver Mas

Non hai onde meterse

BIRIBIRLOCKE

Diego Cotos Barreiro

Parabéns

UXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA

Fon Cortizo

Pato W.C.

TROMPAS DE FARLOPIO

Belén Veleiro

Peligro

KILLER BARBIES

Gero Costas

Perfidia

TANXUGUEIRAS

Trece Amarillo

Polvo muerto

THE RIGGOS

Yago Ray e Pol Buch

Soñar a la carta (verano)

PRESUMIDO

Paco Serén

Un cabrón

EL PELOTÓN DE LOS TORPES

Toño-Antón Entertainment

Vai Embora!

MJ PÉREZ

Cuerda Floja, Gustavo Dieste e MJ Pérez

Verdescente

UXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA

Fon Cortizo

Vigo

THOMAS HELL & VINN

Andrea Alonso

Waste

rArO

Esteban Varela

EXHIBICIÓNS ESPECIAIS: CINEMA E COMPROMISO

Proxección-coloquio
Participan: Elisabet Pérez (Asociación Nós Mesmas), Braulio Vilariño (organizador do Festival Agrocuir da Ulloa), Maximino Queizán (director teatral e dramaturgo).

Noite irisada

DOCUMENTAL | 62' | 2019 | GALICIA

Noite Irisada é un relato da loita dos colectivos LGTBI en Galicia. A través dun coidado traballo de investigación, o filme máis recente da viguesa Bea Vázquez Campaña ofrece unha completa panorámica dos profundos cambios socioculturais que se deron ao longo da historia: da normalidade das prácticas homosexuais en tempos pasados aos inicios da homofobia e a persecución posterior; da adulteración das cantigas medievais ou a represión franquista, ata os nosos días.

Este labor documental —que foi nomeado aos Premios Mestre Mateo deste ano 2020— é ademais enriquecido co testemuño de persoas que viviron a súa condición sexual na clandestinidade, activistas que a través de diversas organizacións loitaron pola consecución de dereitos que hoxe nos parecen elementais; pero tamén co de xente máis nova que nos fala de todo o que queda por facer e do temor, tamén fundado, a un retroceso deses dereitos conquistados.

Noite Irisada é, en definitiva, un valioso documento sobre o amor, o respecto, a loita e a memoria.

REPARTO: Maximino Queizán, Carlos Callón, Lalo Vilariño, Marta Álvarez, Eli e Xiana (Nós mesmas), Xabier Maañón, Marta Álvarez.

DIRECCIÓN:
Bea Vázquez Campaña

Licenciada en publicidade e relacións públicas e titulada en dirección e guión de cine na Escola de Cine de Galicia. Exerceu de xornalista, publicista, cámara e montadora. Actualmente dedícase á creación audiovisual baixo o selo digavertov. Entre os títulos da súa autoría están o documental **Un metro Cadrado** (2006), a curta de ficción **Quietos** (2007) e **Noite Irisada** (2019).

EXHIBICIÓNS ESPECIAIS: CINEMA E COMPROMISO

Proxección-coloquio
Participan: Alberte Mera (director do filme), Daniel Celester (actor que interpreta a Moncho Reboiras) e Manuel Reboiras (irmán de Moncho Reboiras).

Reboiras: acción e corazón

DOCUMENTAL | 61' | 2020 | GALICIA

Na madrugada do 12 de agosto de 1975 é asasinada a última vítima galega da ditadura franquista. Con só 25 anos, Ramón Reboiras Noia recibiu múltiples disparos da policía en Ferrol. Aquel mozo de convicciónss nacionalistas convertérase moi cedo en destacado membro da clandestina Unión do Povo Galego, a través da cal foi alicerce fundamental na organización de amplos sectores da sociedade galega en frontes de actuación como a sindical, a cultural ou a política.

En 2020, cando se conmemoran os 45 anos do seu asasinato, **Reboiras: Acción e corazón** traslada á gran pantalla un retrato deste mozo galego analizando tanto a súa faceta humana como a política. A súa vida e o seu pensamento son lembrados polo testemuño de 28 persoas que con el compartiron diversas etapas da vida, entre os que se atopan Margarita e Xosé Lois Ledo Andión, Xosé Luis Méndez Ferrín, Manuel Reboiras Noia, Elvira Souto, Luz Rei Pousada, Darío Xohán Cabana ou Saleta Goi García. O relato histórico é complementado por filmacións de arquivo e a recreación ficcionada das últimas horas de vida deste histórico militante, todo un símbolo da loita contra o franquismo en Galicia.

REPARTO: Daniel Celester, Lidia Veiga, Daniel Prieto, Carlota Mosquera, Sergio Alfonso.

DIRECCIÓN:
Alberte Mera

Alberte Mera García é licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, con especialidade en Guión e Dirección Audiovisual, ten un mestrado en Comunicación e Industrias Creativas pola Universidade de Santiago. Actualmente é xornalista en Nós Diario e ten experiencia como consultor de comunicación, realizando traballos para a Universidade de Vigo e diversas consultoras.

REENCANTO PRODUCIÓNS

Reencanto Producións é unha plataforma cultural nada en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais que propicien a evolución social dun xeito participativo e flexible. A nosa é unha proposta en positivo; cremos firmemente no poder transformador da cultura para avanzar cara unha sociedade aberta, responsable e solidaria.

OS NOSOS PROXECTOS

O Festival Primavera do Cine xorde en Vigo en 2012 pola necesidade de achegar ao seu público natural as películas filmadas por profesionais do sector cinematográfico galego, cuxo talento merecía ser dotado dun espazo propio. Co paso dos anos, e grazas á progresiva e colaboración do Ministerio de Cultura de Portugal, o Primavera do Cine converteuse no primeiro festival dedicado a difundir e tender pontes entre a cinematografía galega e a lusófona. Reencanto Producións é tamén a creadora e xestora da Mostra Do Posible, un evento que naceu en 2017 como espazo de encontro entre entidades de economía solidaria e movementos sociais co obxectivo de dar a coñecer dun modo rigoroso á vez que lúdico as ferramentas dispoñibles para construír unha sociedade máis xusta e sostible.

INSTITUTO CAMÕES

por Carla Amado, directora do Instituto Camões de Vigo

O Festival Primavera do Cine chega em 2020 à sua 9ª edição e é, desde o seu início, o único festival na Galiza que dedica uma parte igual do seu programa ao cinema lusófono, fomentando assim uma verdadeira identidade lusófona que se estende à Galiza, permitindo um intercâmbio cultural entre os países de língua portuguesa. São sempre largas dezenas de propostas cinematográficas para este Festival oriundas dos vários países da CPLP - Comunidade dos Países de Língua Portuguesa e este facto deixa-nos, Camões - Centro Cultural Português em Vigo, muito agradecidos e orgulhosos pelo trabalho que o Festival Primavera do Cine faz em prol do cinema português e lusófono em terras galegas e se afirma, desse modo, como integrador de toda a produção de cinema galega no panorama global do cinema lusófono, trazendo até ao público que habita e visita Vigo o que de melhor se tem feito em português.

Tem sido um gosto para o Centro Cultural Português do Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I.P. em Vigo poder colaborar com este Festival na identificação de parceiros e escolas de cinema lusófonas, na divulgação transfronteiriça dos seus propósitos, no contacto estreito com realizadores e produtores e no delinear das suas estratégias programáticas há já 6 edições e ver a forma como sempre se tem comprometido com a divulgação da pluralidade cultural e o respeito pelas diversidade e identidade lusófonas.

O nosso muito obrigado, Primavera do Cine!

CAMÕES INSTITUTO DA COOPERAÇÃO E DA LÍNGUA PORTUGAL
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS

Galicia de cine, Galicia de festivais

MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico. Santiago de Compostela, 25-29 agosto
Festival de Cans. O Porriño, 2-5 setembro
Vía XIV Festival Internacional de Curtas de Verín, 5-13 setembro
FICBUEU. Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, 11-19 setembro
Festival Primavera do Cine en Vigo, 15-20 setembro
Play-Doc International Film Festival. Tui, 23-27 setembro
(S8) Mostra de Cinema Periférico. A Coruña, 27 setembro-3 outubro
Curtocircuíto Festival Internacional de Cine. Santiago de Compostela, 3-11 outubro
Festival de Cine Inclusivo de Vigo, 13-17 outubro
GFFF Galician Freaky Film Festival. Vigo, 28-31 outubro
Carballo Interplay, 18-21 novembro
Semana de Cine de Lugo, 23-28 novembro
Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, 15-20 decembro

Certames subvencionados pola Xunta de Galicia.
Convocatoria de axudas a festivais do sector audiovisual de 2020

Fotograma de *A illa das mentiras*, da directora Paula Cons

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

GALA DE CLAUSURA

Domingo 20 de setembro / 19.00h
AUDITORIO DO CONCELLO

A gala de clausura do festival consistirá na entrega de premios e da Mención Honorífica da presente edición. Estará conducida e amenizada por dous intérpretes de referencia no teatro e o audiovisual galego: Deborah Vukusic é licenciada en Hispánicas pola U.A.H. e en Interpretación pola R.E.S.A.D. Poeta, guionista e actriz, traballa en cine (*Inevitable*, *La felicidad de los perros*...), teatro (*Raclette*, *Monstruación*, *Presas*) e T.V. (*El final del camino*, *LEX*, *Luci*, *El Comisario*...).

Adrián Ríos (Moaña, 1990) comezou a súa traxectoria en 2007. Licenciouse en Interpretación Textual en 2013 na ESAD de Galicia. Posteriormente formouse en Madrid (Centro del Actor). Entre os seus traballos máis recentes destacan *Fillos do sol*, en teatro; *Fariña* e *Auga Seca*, en tv; e *¿Qué hicimos mal?* en cinema.

Nesta gala de clausura terá lugar a entrega dos seguintes premios:

PRIMAVERA DO CINE 2020

PREMIOS DO PÚBLICO
Mellor longametraxe galega
Mellor longametraxe lusófona
Mellor curtametraxe galega
Mellor curtametraxe lusófona
Mellor videoclip

PREMIOS DO XURADO
Mellor longametraxe galega
Mellor longametraxe lusófona
Premio CREA á mellor dirección galega

O NOSO XURADO

FON CORTIZO

Fon Cortizo traballa desde 2002 como realizador, operador de cámara e director de fotografía. En 2015 estrea, no festival Visions du Reel (Suiza), a súa primeira longametraxe documental, **Contrafaces**. En 2017 arranca unha serie de curtametraxes documentais entre as que destaca **Aysha**, merecedora do Premio ao mellor Documental no Festival Downtown Urban Arts Festival de Nova York, así como dos premios ao Mellor Guión e Mellor Curtametraxe Galega en Curtocircuíto 2018. A finais de 2020 estreará a súa primeira longametraxe de ficción, **9 Fugas**. Actualmente, compaxina o seu traballo audiovisual coa presidencia de CREA, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e da Realización.

SARA DONOSO

Doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Conta con estudos de grao en Belas Artes na Facultade de Pontevedra e dous másters: *Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas* e *Máster en Estudos da Literatura e da Cultura*, ambos da USC. Desenvolve actividades de comisariado e xeración de contidos para diversas institucións e colaborou con organismos como a Fundación Rac Arte Contemporánea, a facultade de Belas Artes de Pontevedra ou o Centro Galego de Arte Contemporánea. Forma parte do equipo de **Intersección**. Festival de Arte Audiovisual Contemporáneo da Coruña e publicou diversos textos científicos e críticos sobre arte contemporánea e cinema.

IRIA VÁZQUEZ

Iria Vázquez Silva é profesora na Universidade de Vigo e doutora en Socioloxía pola Universidade da Coruña coa tese *A inmigración senegalesa en Galicia: remesas e coidados en familias transnacionais*. Especialista en Estudos de xénero pola Universitat Autònoma de Barcelona e pola Universidade de Vigo, ten traballado no eido asociativo e na investigación social en diversos proxectos relacionados coa inmigración, o xénero e a exclusión social. Recentemente ten coordinado a publicación *Cómplices. A violencia machista institucional* (2020) de Galaxia. Anteriormente, na mesma editorial coordinou xunto a Laura Rodríguez Salgado *Mulleres inmigrantes, lingua e sociedade* (2017).

COLABORAN

CANDELAS · FILMIN · VEGGAN · Budiño de Serracca Turismo rural · CAIXA RURAL GALEGA · Frutas Nieves · Galifresh naturalmente · Pelegrí sara garcía 2012 · Nikis Galicia-Style · VAIDHĒ Design Shop · XIÑO Atlantic Denim

MENCIÓN HONORÍFICA: CINE IMPERIAL

A perla da Ramallosa



O Festival Primavera do Cine quere rendir homenaxe a un dos sectores máis azoutados pola crise que estamos a padecer: a exhibición cinematográfica. Por iso, a mención honorífica deste ano recae nunha sala emblemática, referente inexcusable da profesión e símbolo dunha época onde os cines eran verdadeiros templos: o Cine Imperial da Ramallosa.

O 1 de febreiro de 1948 o Imperial abre as súas portas da man de Latino Salgueiro Espinosa, un xoven enxeñeiro namorado do cinema. Dende ese momento e ata os nosos días, milleiros de títulos pasaron pola súa pantalla e varias xeracións de espectadores polas súas butacas.

O Imperial viviu os tempos de bonanza onde as salas se multiplicaban, ofrecendo programas dobres, porque o cine era a principal actividade de ocio preferida polo pobo. A partir dos anos oitenta, a meirande parte das salas foron pechando paulatinamente, sendo derrubadas ou reconvertidas para outras actividades económicas. Mentres isto acontecía, o Imperial seguiu en pé como último supervivinte.

O Imperial sobreviviu á aparición dos multicines e ao mercado de alquiler de VHS. Continuou adiante, asistindo ao traslado da actividade ás grandes áreas comerciais, á aparición da tecnoloxía dixital e aos novos formatos de consumo televisado. Latino Salgueiro continuou adiante, como un exemplo de amor pola súa profesión. Amor que trasladou ás súas fillas, que actualmente manteñen o Imperial ofrecendo (ademais e por se fora pouco) unha programación de altísima calidade, con títulos de referencia pertencentes a cinematografías de todas as latitudes.

Os que coñecen o Imperial, os que gozaron dun filme na súa sala, falan del coma dunha entidade mítica, un misterio do tempo. O Cine Imperial, coa súa constante actividade, conseguiu converterse, por dereito propio, nunha auténtica institución, unha perla situada no corazón do Val Miñor.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



RÍAS BAIXAS FILM FEST

GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL

FICBUEU

NOVOS CINEMAS

CURTAS ARMADIÑA

FESTIVAL DE CANS

PLAY-DOC

FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE

AGAIN

CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

AXENDA 2030

PROXECTO REMOLQUE

Sábado 19 de setembro / 11.00h
AUDITORIO DO CONCELLO

O Proxecto remolque comezou coa chegada do dixital e o desmantelamento dos cinemas en 35mm. Eu persoalmente non teño nada contra o dixital, todo o contrario, xa que permitiu a moita xente facer os seus proxectos con presupostos baixos e mesmo sen orzamento.

Penso que poderiamos coexistir perfectamente e que hai sitio para os dous sen problema. Con todo, os vendedores de dixital non opinaban o mesmo, e a instalación do dixital trouxo implícito o desmantelamento do analóxico. Foi algo moi semellante ao desastre do Prestige, todo se solucionou a base de cartos e ameazas.

Pois a raíz diso, un compañeiro proxeccionista que traballaba en varios cinemas ofreceume a posibilidade de rescatar un montón de cousas dos "vellos e bellos" cinemas, coma obxectivos, empalmadoras, bobinadoras e una morea de avances cinematográficos.

Así comezou todo. Un día ofrecinlle a algún colega a posibilidade de facer un filme en 35mm manipulando os avances e transformándoos noutra cousa; outro día, pasou Alberte Pagán pola casa, faleille do proxecto e díxome que estaría encantado de levar un e facer cousas con él. E así comecei a repartir avances a xente de todo tipo: cineastas, fotógrafos, pintores, camareiros, etc… Amigos, vaia.

Olalla Márquez foi a primeira en poñerse mans a obra. Cando vin o resultado final souben que tiña algo precioso entre mans aínda que non saíra da miña casa, (a peli, non Olalla); e agora xa non me lembro, pero andará polos 40 avances repartidos, máis ou menos. Despois, a xente comezou a interesarse pola idea. Deste xeito emerxeu o Proxecto Remolque, un filme que nace a partir da morte do proxeccionista.

CRIS LORES (Berna, Suíza, 1975)

Comezou a facer cine a finais da década de 1980 cunha cámara de súper 8 e cunha Hi8. Traballou na construción até os 25 anos, cando marchou a Londres, onde aprendeu co cineartista Aketza Barkoff. Formado tamén como proxeccionista de cine, leva desde 1999 proxectando películas no Cineclube de Pontevedra, feito que mudou a súa concepción do cine como espectador e como manipulador e creador. Ten traballado en case todos os formatos cinematográficos: 8mm, súper 8, 9,5mm, 16mm, 35mm e mesmo 70mm. E tamén, en colaboración con Belén Veleiro, no ámbito do cinema expandido.

Lores desenvolverá a sesión co acompañamento dos tamén cineastas Belén Veleiro e Alberte Pagán.

BELÉN VELEIRO (Santiago de Compostela, 1982)

Licenciada en Belas Artes e técnica en Fotografía Artística, os seus intereses rondan a videocreación e o manipulado de material analóxico. Participa en proxectos colectivos como M8 (colectivo aberto no que manipulan película de 8 mm en directo), Papel Medium (Proxecto musical de Javi Álvarez e Álvaro Barriuso) ou Proxecto Remolque. O seu proxecto persoal, Paper Cinético, é unha volta ao precine.

ALBERTE PAGÁN (O Carballiño, 1965)

Considerado como un dos pioneiros do Novo Cinema Galego, foi Premio da Crítica de Galicia en 2016 na modalidade de Cine e Artes Audiovisuais. É autor de numerosos textos e libros sobre cinema experimental. Varias das súas obras estiveron en festivais especializados tanto estatais como do estranxeiro, e tamén participou en mostras colectivas como "D- generación" ou no ciclo "Visto y no visto" do Museo Reina Sofía de Madrid.

ENTREVISTA

Alberte Mera

Alberte Mera (Vigo, 1987) é o director do filme **Reboiras: acción e corazón**, un retrato de Xosé Ramón Reboiras Noia construído dende a súa vertente humana e política. No presente 2020, cúmprense 45 anos do seu asasinato. O documental estreouse en Imo (Dodro), vila natal de Reboiras, e está a ter un percorrido exitoso en salas comerciais e cineclubes de Ferrol, Santiago de Compostela e Ourense. A súa estrea en Vigo supón un paso máis no seu percorrido por toda Galicia e, nun futuro próximo, Madrid, Catalunya, Euskadi e Portugal.

Que supón para vostede o feito de proxectar o seu filme na cidade de Vigo?

É moi emocionante poder presentar na cidade da que eu son este filme que trata dun veciño de Teis (Vigo) que deu o mellor da súa vida en prol da xustiza e liberdade. Ademais, coido que é un documental que fala moito desta cidade, do que foi, da importancia que tivo o movemento cultural e obreiro nela, e creo que a través da historia e do espazo físico que combina natureza e mundo obreiro o filme fai respirar un outro Vigo diferente ao que se promociona, o fermoso e combativo.

Fálenos do proceso de documentación. Resultou doado? Toparon con algún tipo de traba?

Foi a finais de 2018 cando comecei coas conversas e entrevistas para a documentación, sen cámaras. Unhas das primeiras foi a Elvira Souto, unha das dirixentes do partido en que militaba Reboiras (a Unión do Povo Galego), e que se atopaba con el en Ferrol o día en que foi asasinado. O avogado Nemésio Barxa, que derruba na xustiza a idea estabelecida de que Moncho se suicidara e non fora asasinado, o tamén avogado vigués Xesús Sanxuás e o propio irmán de Moncho, Manuel Reboiras, foron as primeiras entrevistas que realicei. Logo, uns nomes levan a outros, aqueles feitos a estes.... e fun recollendo a materia prima para enfrontarme ás entrevistas filmadas. A colaboración e o interese por parte das persoas que coñeceron a Moncho foi maiúsculo, e nese sentido non houbo traba ningunha. O problema foi á hora de conseguir filmacións daquel momento, unha tarefa case imposíbel xa que todo o que se movía daquela contra a ditadura era clandestino e ficar retratado supuña poder ser identificado e sufrir tortura, cárcere e ou morte.

Moncho Reboiras está considerado como unha das figuras fundamentais da loita antifranquista, da práctica sindical e da política galega do século XX. A súa figura adquiriu hai tempo unha carga simbólica moi relevante para numerosas formacións políticas e sindicais. Baixo o seu criterio, cales serían as principais razóns desta relevancia, deste compoñente simbólico tan significativo?

O filme escapa do mito ou do símbolo, de feito, tento tombar esa imaxe icónica del con bigote e greñas. Logo de adentrarme na historia, dáme mágoa que coñezamos a Reboiras non polo seu rostro verdadeiro senón polo que alteraba con bigote postizo e perruca cando tivo que pasar á clandestinidade. Reboiras é pouco coñecido na sociedade actual galega e por riba, ás veces preséntaselle cunha áurea mítica que o deshumaniza. Para min a súa heroicidade estaba precisamente no humano, en ser un galego xeneroso e consciente que deu todo polo seu pobo até o propio día do seu asasinato, en que foxe polos tellados de Ferrol atraendo con el á policía e facendo así que os seus compañeiros Elvira Souto e Lois Ríos poidan salvarse. Eis o verdadeiro heroísmo.

Presento un mozo de Imo que chega a Vigo e sofre discriminación por falar galego, que ten que traballar desde cativo no bar que abren os pais e que se ve inmerso no movemento cultural e en 1972 nas grandes folgas de Vigo. Un mozo que vai adquirindo conciencia galega e da falla de liberdades, e que se implica politicamente pasando a formar parte da UPG até ser alicerce fundamental na creación e dinamización das frontes de actuación do nacionalismo a nivel sindical, político, cultural, veciñal, labrego, estudantil... o que supuxo desenvolver ferramentas propias que a día de hoxe son motores sociais.

Unha vez máis, semella necesario abordar o tema da memoria histórica e das súas consecuencias no presente. Necesitaría a memoria de Reboiras e a súa familia algún tipo de reparación por parte do Estado ou das principais institucións políticas?

O Ministerio de Xustiza do Goberno de España recoñeceu en 2009 a Reboiras como vítima da ditadura, emitindo unha declaración de reparación e recoñecemento persoal. Con todo, nin nos libros de historia, nin nas homenaxes institucionais nin sequera nos nomes das rúas nin prazas de Vigo hai recordo para veciños desta cidade como Reboiras, Humberto Baena ou Sánchez Bravo, entre outros.



Despois de *Clamor da terra* (2012) e *Lume novo* (2013), este é o seu terceiro documental de temática política. Pensa continuar nesta liña en próximos traballos?

Pois agora mesmo estamos traballando moito na difusión deste filme, para que a pesar da pandemia, a obra poida estar próxima á xente. Están a ser meses intensos, polo que ideas de moi distinto tipo si que rondan pola cabeza, mais é preciso ter tempo e darlles pouso, así que polo de agora non teño nin idea do que virá.

ENTREVISTA

Beatriz Vázquez Campaña

Beatriz Vázquez Campaña (Vigo, 1980) é a directora de *Noite Irisada*, documental que describe o nacemento e evolución dos grupos LGTBI en Galicia, dende o franquismo ata os nosos días, reflexionando sobre os estereotipos sexuais e de xénero imperantes ao longo da historia e presentes na nosa sociedade. *Noite Irisada* foi nominada ao premio ó mellor filme documental nos últimos Mestre Mateo.

Cóntenos como nace a idea de realizar un documental como *Noite Irisada*.

Nace en primeiro lugar da iniciativa do seu produtor, Fernando Rodríguez, cunha enorme sensibilidade polos temas sociais. Tiña algúns contactos e as ganas, así que armou un equipo, moi pequeno -non é un documental de alto orzamento-, obtivo financiamento no ano 2018, das concellerías de Igualdade de Santiago e de Teo e con este propósito de recuperar e poñer en valor a loita e o sufrimento de tantas persoas por vivir libremente a súa orientación sexual, tamén aquí, en Galicia, embarcámonos este pequeno equipo.

A película emprega varios rexistros para desenvolver os contidos (entrevistas, recursos documentais, material de arquivo...). Como resultou a elaboración do guión? Foise elaborando en base á documentación ou máis ben adaptouse esta última a uns contidos pechados previamente?

Non había nada pechado previamente agás o nome dalgunhas persoas que sabiamos que serían fundamentais para coñecer a orixe do movemento LGTBI galego. Nanina Santos ou Braulio Vilariño, por exemplo, recordando como comezamos a andaina. Logo unhas persoas foron poñéndonos en contacto con outras e o puzzle de fontes documentais, voces e ideas foise armando deste xeito sobre a marcha. Foi un guión moi espontáneo na súa construción, tamén porque hai que adaptarse a unhas circunstancias de traballo coas que debes fluir. O que tratamos de non perder de vista é a necesidade de deixar un pouso para a reflexión, a certeza dos datos e a idea de que tan só é un dos relatos posibles para unha historia que abarca tantos anos.

Un dos aspectos centrais do filme consiste en relatar o nacemento dos colectivos LGTBI en Galicia e a súa evolución dende o tardofranquismo ata hoxe. É inevitable preguntar polo estado actual da cuestión.

Dende a miña percepción, que non é a de dentro que poida ter un activista LGTBI, existe unha boa rede de colectivos, importantes en número e máis ou menos conectados entre si. Iso marca unha diferenza enormísima respecto do pasado, de maneira que calquera pode verse arroupado polo coñecemento e as ferramentas de todo tipo -psicolóxicas, de asesoramento económico, etc.- coas que contan estes colectivos. Cuestión posible polo propio empeño dos grupos e por unha sensibilidade social que é fundamental que non decaia, tampouco das administracións públicas. Creo que ese é un punto moi feble para a existencia dos colectivos actualmente, contar con apoio económico. Por iso tamén é importante amosar o seu inxente traballo e as súas mobilizacións.

Cre que existe na nosa sociedade certa sensación do que poderíamos chamar "normalización completa" sobre a aceptación da diversidade sexual? Podería este falso triunfalismo derivar nunha involución de dereitos acadados?

Creo que á sociedade quédalle moito que evolucionar sobre o que sería unha "normalización completa" da diversidade sexual. Segue habendo diariamente casos de acoso homófobo, transfóbico, non se da sacado unha lei que facilite a normalidade das vidas trans… Por non falar da filosofía de fondo que subxace en todo isto, de superar os conceptos ríxidos do masculino e o feminino e de aí todo por escribirse. Pero sen dúbida hai saltos de xigante que afectan á orde de todas as cousas, ao propio concepto de familia e que, creo, débelles moito aos colectivos pola diversidade sexual. Polo mesmo, eu non penso que o acadado poida perderse, quizáis haxa recortes en axudas económicas, en eco social..., pero as conciencias xa cambiaron, e imaxino, cambiarán moito máis, co tempo.

O documental fala tamén da importancia da divulgación da diversidade sexual e dos prexuízos de xénero entre os mozos. Considera que o actual sistema educativo está a dar a suficiente cobertura a este tema?

Creo que non. Paréceme que o sistema educativo vai lento na asunción completa do abano de realidades que amosan os colectivos LGTBI ou queer e en xeral de calquera tipo de información relacionada co sexo. Os rapaces, pola súa parte, saben moito máis porque teñen máis acceso, en xeral, á información, pero precisan bases verdadeiramente profundas, reflexivas, que lles pode dar a educación.

Cal é a distribución que teñen pensada para este documental de cara ao futuro? Teñen pensado propoñelo como material educativo e de divulgación?

Vimos de facer varios pases por prazas ao aire libre este verán dentro dos actos conmemorativos do Orgullo, o documental acaba de ser mercado pola TVG e xa se chamou a case todas as portas que poderían ser canle para chegar aos colexios. Non depende de nós pero si nos gustaría moito. Oxalá proxectalo en sitios coma o Primavera de Cine sirva tamén para isto. Moitas grazas.

ORGANIZA

reencanto producións

CO APOIO DE

CONCELLO DE VIGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

RÍAS BAIXAS FILM FEST

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

CAMÕES INSTITUTO DA COOPERAÇÃO E DA LINGUA PORTUGAL

MARCO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

PATROCINADORES OFICIAIS

ALFONSIN DIGITAL LAB

TELEVIGO

SER Radio Vigo 100.6 FM / 1.026 OM

HOTEL OFICIAL Hotel Bahía de Vigo

COA COLABORACIÓN ESPECIAL DE

GADIS

PORTO-MUIÑOS LAS VERDURAS DEL MAR

MAMBLONA ÓPTICOS

LA PEPITA

crea ASOCIACIÓN DE DIRECTORES REALIZADORES DE GALICIA

COLABORAN

CANDELAS

FILMIN

VEGGAN

Budiño de Seroura Turismo rural

CAIXA RURAL GALEGA

Fontes Nores

GaliFresh

Pelgar de sara garcía

Nikis Galicia-Style

VAIDHE

XIO Atlantic Denim

CO SOPORTE DE

dinahosting

movibeta

As túas entradas en: woutick!es